

AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS

DEFINICIÓN	<ul style="list-style-type: none">• Medida de apoio aos alumnos con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe en lingua galega, lingua castelán e matemáticas que reclaman unha atención máis individualizada.
DESTINATARIOS	<ul style="list-style-type: none">• Alumnos que se atopen nalgũa das seguintes condicións:<ul style="list-style-type: none">- que estean escolarizados no 1º ciclo de ESO e presenten atraso académico xeneralizado.- que tendo cursado o 1º ciclo de ESO non alcanzaran os obxectivos mínimos e que esta medida organizativa se considerase esencial para garantir a eficacia da súa permanencia un ano máis no ciclo.
ORGANIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none">• Os agrupamentos específicos consisten en facer desdobramentos transitorios que permitan nas áreas mencionadas constituír un ou dous grupos específicos con alumnos dos distintos grupos do mesmo nivel que presentan as características anteriormente mencionadas.
INCLUSIÓN DO ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none">• Os alumnos propostos para cursar algunha ou algunhas das materias en agrupamentos específicos deberán contar cun informe individualizado elaborado polo profesor titor, en colaboración co departamento de Orientación. Neste informe incluírase unha xustificación pormenorizada das razóns polas que esta medida se considera a máis adaptada para o alumno con atraso escolar xeneralizado.• Os pais ou titores legais deberán estar informados a través do profesor titor correspondente.
CURRÍCULO	<ul style="list-style-type: none">• Con carácter xeral, estes alumnos deben ter os mesmos obxectivos co seu grupo de referencia, aínda que se poidan adaptar contidos da etapa anterior cando sexa necesario.• Existe a posibilidade de que o alumnado poida reincorporarse ao seu grupo de referencia en canto superen as dificultades detectadas.• As programacións adaptadas serán elaboradas polos departamentos didácticos a partir dos obxectivos, contidos básicos e criterios de avaliación establecidos no proxecto curricular da materia e do curso correspondente.
METODOLOXÍA	<ul style="list-style-type: none">• O enfoque metodolóxico debe ser en base a proxectos de traballo ou unidades didácticas nas que prime o carácter práctico e funcional dos contidos.
AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none">• Teranse en conta os criterios establecidos con carácter xeral para o grupo de referencia. A nota numérica será de 1 a 10.• A participación nos agrupamentos específicos faráselles constar aos alumnos no seu expediente e no boletín de cualificacións como reforzo educativo (RE). O profesor da materia terá que introducir no XADE a medida RE na cualificación